



San Sadurniño
www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

**ACTA DA SESIÓN DE CONSTITUCIÓN CELEBRADA
POLO PLENO DO CONCELLO, O DÍA 11/06/2011.**

Concelleiros electos presentes:

- D. Secundino García Casal.
- D. Manuel Varela Mecías.
- D^a María del Carmen Muiño Filgueira.
- D^a María Amparo Calvo González.
- D. Jesús Manuel Soto Vivero.
- D. Xosé López Gudín.
- D^a Ana Belén Breijo Gundín.
- D. Plácido López Loureiro.
- D. Hipólito Díaz Silva.
- D^a Silvia Fernández Muiño.
- D. Fernando Márquez Hermida.

Secretario:

- D. Miguel A. Arroyo Moreno.

No Salón de Sesións da Casa do Concello de San Sadurniño, sendo as doce horas e tres minutos do día once de xuño de dous mil once, comparecen os Concelleiros electos deste Concello arriba indicados, en presenza do devandito Secretario, para a constitución do Concello e a elección de Alcalde, segundo o establecido nos artigos 195 e 196 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, tras a celebración das eleccións locais do pasado día 27 de maio.

Iniábase seguidamente a sesión pública, comezando pola constitución da Mesa de Idade, para o que se require polo Secretario a presenza dos Concelleiros electos de maior e menor idade, como seguidamente se indica:

PRIMEIRO. CONSTITUCIÓN DA CORPORACIÓN.

As persoas electas de maior e menor idade resultan ser D. Xosé López Gudín o de maior idade, e D^a Silvia Fernández Muiño a de menor, quedando constituída a Mesa de Idade baixo a presidencia do Sr. López Gudín, actuado como Secretario o da Corporación, previa comprobación das credenciais das dous persoas integrantes da Mesa.

Polo Secretario infórmase que a totalidade das persoas electas presentaron as preceptivas declaracións relativas a bens patrimoniais a actividades para a súa inscrición nos correspondentes rexistros.

Seguidamente, pola Mesa de Idade procédese á comprobación das credenciais da totalidade dos electos expedidas pola Xunta Electoral de Zona, resultando todas elas conformes. Infórmase que procede de seguido que os Concelleiros electos presten xuramento ou promesa, o que seguidamente se fai, prometendo a totalidade dos concelleiros, pola súa



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

conciencia e honor, cumprir fielmente as obrigas do cargo de concelleiro con lealtade ó Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado.

Inmediatamente despois, o Sr. Presidente da Mesa declara constituída a corporación, xa que concorriron a totalidade dos Concelleiros electos, e antes do inicio do procedemento para a elección de Alcalde, segundo o indicado no artigo 196 da devandita Lei Orgánica 5/1985, pronuncia unhas breves palabras para manifestar a súa satisfacción pola ampla representación de mulleres e de persoas de distintas idades nesta corporación, pola corrección e respecto que caracterizaron a sen embargo intensa campaña electoral e pola alta participación acadada nestas eleccións, e para desexar que os esforzos de tódolos concelleiros e concelleiras, tanto do goberno como da oposición, se unan en beneficio do pobo.

SEGUNDO. ELECCIÓN DE ALCALDE.

A continuación, en cumprimento do ordeado polo artigo 196 da Lei Orgánica 5/1985, procédese á proclamación dos candidatos para a elección de Alcalde, que serán os Concelleiros que encabezaran as listas presentadas ás eleccións do pasado día 22 de maio, é dicir, os seguintes:

- Polo BNG, D. Secundino García Casal.
- Polo PP, D. Plácido López Loureiro.
- Polo PSOE, D. Fernando Márquez Hermida.

Antes de iniciar a votación, acórdase por unanimidade dos Sres. Concelleiros electos, que o sistema a seguir para a mesma será o de votación secreta, con papeletas que se entregarán ó Secretario para o seu reconto. Procédese seguidamente ó acto da votación, e ó reconto dos once votos emitidos, co seguinte resultado:

Votos obtidos por D. Secundino García Casal: 7.

Votos obtidos por D. Plácido López Loureiro: 3.

Votos obtidos por D. Fernando Márquez Hermida: 1.

Téndose obtida maioría absoluta polo Sr. García Casal nesta primeira votación efectuada, de conformidade co establecido no artigo 196-b) da Lei orgánica 5/1985, e manifestada a súa aceptación do cargo, queda proclamado Alcalde o Sr. García Casal, que de seguido pasa a ocupar a Presidencia e presta a promesa correspondente nos términos máis arriba indicados.

Comeza de seguido a súa intervención ofrecendo ós cabezas de lista dos outros dos partidos con representación na corporación a posibilidade de dicir unhas palabras. O Sr. Márquez agradece a presenza de tódalas persoas que asisten ó acto e ofrece ós que foron ata a data compañeiros de goberno a súa colaboración nesta nova etapa. O Sr. López Loureiro toma a palabra para saúdar ós presentes e dar a noraboa ó Sr. Alcalde e tamén ó Sr. Soto, pola súa designación como representante do BNG na Deputación Provincial, e para dicir que desde a oposición tratarán de axudar na medida do posible.

O Sr. Alcalde pola súa banda, toma a palabra brevemente para saúdar tamén ás persoas presentes neste acto solemne e agradecer o apoio maioritario recibido polo seu grupo,



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.
15560 San Sadurniño (A Coruña)
Teléf. 981 490 027
Fax. 981 490 474

esperando corresponder á confianza manifestada pola veciñanza; di que espera poder consensuar a maior cantidade de acordos posibles coa oposición para que primen os intereses do pobo e congratúlase da presenza de catro mulleres na corporación, a maior representación feminina nunca acadada, na liña da consecución da normalidade da paridade, que non ten volta atrás, e remata manifestando a súa expectativa de que a existencia de promesas comúns nos programas dos distintos grupos poida traducirse na unión de esforzos para acadar o cumprimento desas promesas.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo as doce horas e vinte minutos, redactándose a presente acta para a adecuada constancia do tratado e dos acordos adoptados, do que como Secretario certifico.

O ALCALDE PRESIDENTE,

O SECRETARIO,